



DECRETO

CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

Segundo acordo do Pleno, de data 26 de xuño de 2023, as sesións ordinarias do Pleno da Corporación terán lugar cunha periodicidade mensual, con carácter xeral o derradeiro xoves de cada mes, ás 20:00 horas do serán.

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía a efectos da súa inclusión na orde do día da próxima sesión ordinaria do Pleno [(artigo 81.1.a) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e (artigo 3.2.a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional].

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións do Pleno (artigos 78.1 e 80,1 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local (art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL), **RESOLVO:**

PRIMEIRO:

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno:

Día: Xoves, 25 de xuño de 2026.

Hora: 20.00 h.

Lugar: Salón de Plenos (1º andar de Casa Charry-Oleiros).

Coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1.- Aprobación actas das sesións plenarias anteriores, de data, 20/05/2026 (extraordinaria e ordinaria).
- 2.- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal nº 10, reguladora do Imposto de Bens Inmóveis.
- 3.- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- 4.- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal nº 23, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.
- 5.- Modificación de solicitude á Deputación provincial no expediente 202500052351. Asunto: obras execución do novo edificio de gradas e vestiarios do C.F. O Redondo, Oleiros.
- 6.- Solicitude de subvención á Deputación provincial para a organización da Feira de Olería Tradicional "ALFAROLEIROS".
- 7.- Dar conta dos decretos da alcaldía e resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2026002385 ata o nº 2026003580, ambos incluídos.
- 8.- Mocións.
- 9.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Secretaría
Órganos Colexiados

TERCEIRO:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer-los recursos seguintes:

a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante do Tribunal de instancia Sección de lo Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

Oleiros, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente. Ángel García Seoane

O Secretario, Juan Luis González Iglesias.

Firmado por: JUAN LUIS GONZALEZ IGLESIAS - ***7869**
Cargo O Secretario Xeral
Firmado a: 19/06/2026
Decreto/Resolución nº 2026003585

Firmado por: ÁNGEL GARCÍA SEOANE - ***1699**
Firmado a: 19/06/2026

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en <https://sede.oleiros.org/validacion> mediante o CSV:ATXEHPXN04PRFRWT

